

DECRETO DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

Consta no expediente administrativo a seguinte documentación:

- Proposta da Concellería competente de data 16/04/2026.
- Convenio de colaboración entre o Concello de Ponteareas e o Centro Recreativo União do Río Tea (Brasil) para a concesión dunha subvención nominativa destinada á promoción internacional do municipio de Ponteareas, ao fortalecemento dos vínculos coa colectividade galega no exterior e ao apoio ás persoas emigrantes durante o exercicio 2026.
- Memoria xustificativa sobre a formalización deste convenio de colaboración.
- Informe xurídico favorable á formalización do convenio.
- Informe de Intervención municipal no que se acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente, así como a adecuación do convenio á normativa de subvencións.
- Documentación acreditativa da entidade beneficiaria, incluíndo estatutos e representación que obra no expediente.
- Documento contable de retención de crédito (RC n.º 7806) asinado con data 21/07/2026

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, define os convenios como acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas con outras entidades públicas ou privadas para un fin común, sempre que non teñan natureza contractual.

O artigo 48 da citada Lei establece que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e garantir a sustentabilidade financeira dos compromisos asumidos.

O artigo 49 da mesma norma regula o contido mínimo dos convenios, incluíndo a identificación das partes, o obxecto, as obrigas, os compromisos económicos, o prazo de vixencia e os mecanismos de seguimento.

O artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece a posibilidade de concesión directa de subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais, instrumentadas mediante convenio.

O artigo 65 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, regula o procedemento de concesión de subvencións nominativas, establecendo que o acto de concesión poderá formalizarse mediante convenio.

A Base 46 das Bases de Execución do Orzamento Municipal do exercicio 2026 establece que as subvencións nominativas deberán outorgarse mediante decreto da Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local, previa tramitación do correspondente expediente administrativo.

DECRETO
Número: 2026-2805
Data: 21/07/2026

Cod. Validación: 6ZFEH2PRD9GPJGF9M27GX5HWW
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3



Visto o informe xurídico emitido, no que se conclúe a adecuación do convenio á normativa vixente e a procedencia da súa aprobación.

Visto o informe da Intervención Municipal, no que se acredita a existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria correspondente e se informa favorablemente a concesión da subvención nominativa por importe de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €).

De conformidade co disposto no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que atribúe á Alcaldía a competencia para adoptar a presente resolución.

RESOLVO:

Primeiro.– Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Ponteareas e o Centro Recreativo União do Río Tea (Brasil) para a concesión dunha subvención nominativa destinada á promoción internacional do municipio de Ponteareas, ao fortalecemento dos vínculos coa colectividade galega no exterior e ao apoio ás persoas emigrantes durante o exercicio 2026, nos termos que constan no expediente administrativo.

Segundo.– Aprobar o gasto derivado do citado convenio con cargo á aplicación orzamentaria 91200-4802032 do Orzamento Xeral do Concello de Ponteareas para o exercicio 2026, por un importe de CINCO MIL EUROS (5.000,00 €), existindo crédito adecuado e suficiente segundo consta no documento contable de retención de crédito RC n.º 7806.

Terceiro.– Proceder á formalización do citado convenio, facultando á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Ponteareas para a súa sinatura e para a realización de cantos actos, trámites e xestións sexan necesarios para a súa plena eficacia e execución.

Cuarto.– A concesión da subvención quedará sometida ao cumprimento por parte da entidade beneficiaria das obrigas previstas no convenio e na normativa reguladora en materia de subvencións, especialmente no relativo á execución da actividade subvencionada, á súa xustificación e ao sometemento ás actuacións de comprobación e control financeiro que correspondan.

Quinto.– Notificar a presente resolución ao Centro Recreativo União do Río Tea (Brasil) e aos servizos municipais competentes, para os efectos da sinatura do convenio, de conformidade co disposto no artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, segundo o cal os convenios perfecciónanse polo consentimento validamente prestado polas partes asinantes.

DECRETO
Número: 2026-2805 Data: 21/07/2026

Cod. Validación: 62ZEH2PRD9GPJGF9M27GX5HWW
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3



Sexto.– Designar como responsable do seguimento, coordinación e control da execución do convenio a D^a Rosaana Velasco Pérez, na súa condición de Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Ponteareas, quen actuará como interlocutora coa entidade beneficiaria, velando polo correcto cumprimento das obrigas e compromisos asumidos por ambas as partes.

Sétimo.–Dar conta do presente decreto ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Así o decreta e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Ponteareas, na data da sinatura electrónica.

A Alcaldesa-Presidenta
María Nava Castro Domínguez

Documento asinado electronicamente.

DECRETO
Número: 2026-2805 Data: 21/07/2026

Cod. Validación: 6Z2EH2PRD9GPJGF9M27GX5HWW
Corrección: <https://ponteareas.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

